

*Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*

**Mónica Folgueiras López**

**Formas de citación recomendadas**


**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

FOLGUEIRAS LÓPEZ, MÓNICA (2011 [2003]). “*Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*”. *Lectora. Revista de Dones i Textualitat*: 9, 217-219. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/585>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

FOLGUEIRAS LÓPEZ, MÓNICA (2003). “*Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*”. *Lectora. Revista de Dones i Textualitat*: 9, 217-219.

\* Edición dispoñíbel desde o 31 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



**Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor  
de Virginia Woolf**

Belén Fortes (coord.)

Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2003

Virginia Woolf non é só unha das escritoras máis importantes que ten dado a literatura senón unha figura mítica, personaxe cando menos interesante no só para críticos literarios, senón que está aínda hoxe, despois de máis de medio século da súa morte, no ollo do furacán para críticos, escritores e mesmo directores de cine, que non fan máis que forxar a súa lenda.

Baixo a coordinación de Belén Fortes e gracias á colaboración de doce mulleres destacadas dentro do panorama cultural galego –por orden de aparición, Camiño Noia, Helena González, Luísa Villalta, Inma López Silva, Manuela Palacios, Celia M<sup>a</sup> Armas, M<sup>a</sup> Xosé Porteiro, M<sup>a</sup> Pilar García Negro, Margarita Ledo Andión, Marilar Aleixandre, Ana Romani e María do Cebreiro Rábade Villar– ve a luz este proxecto que pretende responder a certas cuestións relacionadas entre a muller e o feito literario aínda de máxima actualidade, reunindo as diferentes perspectivas destas colaboradoras. Tendo como eixe vertebrador os ensaios e textos da escritora do grupo de Bloomsbury –parte dos cales aparecen parcialmente reproducidos nas páxinas iniciais do mesmo volume– a característica común a todas elas é o feito de actuar a modo de bisagra ó compararen e confrontaren dúas realidades dispares no tempo (a interrelación muller/literatura dende principios do século XIX ata chegarmos a principios do XXI) e no espacio (o contexto inglés e mais o galego).

Os puntos ós que debían responder as colaboradoras –entre outros temas que coidasen debían expoñer e/ou facer fincapéneles– veñen indicados na introducción que asina a coordinadora deste volume. Interesaba a súa opinión particularmente sobre tres cuestións, malia que como ela di, non todas se prestasen a seguir o modelo. A primeira pregunta que debían abordar era a de se consideraban que a muller ten unha cosmovisión de si mesma e do que a rodea diferente da do home, e polo tanto, unha relación distinta da deste coa escrita e a manipulación da linguaxe. A segunda pregunta era sobre se a muller debía deixar constancia na obra da súa condición feminina e reivindicala, ou polo contrario, evitar esa actitude. E finalmente responder se crían que os avances na situación da muller na sociedade tiñan o seu correlato na creación literaria.

Sen dúbida as opinións son diversas, polo que non podemos extraer conclusións categóricas. Unha das conclusións na que a meirande parte

das colaboradoras parecen coincidir é a complexidade para erradicar dúas barreiras cruciais nesa longa carreira de obstáculos. Por unha banda, abandonar a asunción da autoría feminina; por outra ser moi conscientes da perigosidade e da dificultade de traballar con e a partir dunha linguaxe, que é basicamente patriarcal. En palabras de Ana Romani: "Hai algo inquietante –como o mito que nos asfixia– que nos exclúe e dificilmente nos expresa na súa tradición, tan precisadas nós de matizacións e especificacións para facernos entender" (p. 148). A través da anécdota persoal que Inma López Silva emprega como exemplo en "Unha autora para a *Odisea* ou a noiva superdotada de Harold Bloom" queda moi patente que a cerna do problema radica xa na nosa propia identificación:

Hai pouco, nun acto público presentáronme coma "crítico" teatral. [...] É o nome das cousas o que lles dá a súa existencia. Mentres non teñamos un nome propio como mulleres dedicadas á crítica seremos sucedáneos doutras cousas, e aínda non teremos conquistados os nosos espazos, a habitación propia de Woolf. (p. 87)

Algúns dos preceptos deste referente inexcusable no que se converteu a escritora de Bloomsbury, están perfectamente dixeridos, como a autonomía/independencia que proporcionan os cartos, o tempo e unha habitación propia -facendo referencia á que deu en se converter na biblia do feminismo, publicada en 1929- ou a aniquilación do famoso "anxo do fogar" para desenvolver unha actividade literaria en condicións, ós que fan practicamente referencia todos os textos que conteñen este volume. Sen embargo, outros son algo máis difíciles de dixerir; algúns aínda débedas da autora inglesa, outros xurdidos no decorrer do tempo.

Un deses temas que seguen a preocuparnos<sup>1</sup> é a cuestión dos xéneros literarios na escrita feminina, debate que enceta Virginia Woolf tentando facer unha valoración e responder porque en certos xéneros literarios había unha maior presenza ou pola contra, escaseza de autoría feminina e aínda hoxe en debate no caso da literatura galega. Polo que fai a esta cuestión, a metáfora empregada por Helena González resume a perfección a situación actual:

O denominado *século das mulleres* (Victoria Camps *dixit*) conta, por sorte, con boas fariñas e mellores fermentos. Todo fai pensar en boas e diversas fornadas de escritoras. As poetas xa saíron hai

---

<sup>1</sup> Non podemos pasar por alto que no VII Congreso Internacional de Estudos Galegos, centrado en dúas temáticas: *Mulleres en Galicia* e *Galicia e os outros pobos da Península*, celebrado na Universitat de Barcelona do 28 ó 31 de maio de 2003, moitas das poñentes abordasen este debate, que non fai máis que corroborar o feito de que segue a ser unha problemática aínda por resolver na actualidade.

tempo, as narradoras están acabando de cocer, as dramaturgas e as ensaístas aínda están na artesa, e de investigadoras non hai queixa... (p. 48)

O dilema da existencia de narradoras –falamos de narrativa testemuñal– pero non de poetas na tradición literaria inglesa ata Woolf, foi algo que a inqueda, como acontece na actualidade para explicar porqué a literatura galega de mulleres se institucionalizou por medio de poetas e non narradoras ou dramaturgas. Segundo a escritora inglesa, a elección da narrativa por parte das escritoras saxonas foi debido basicamente a dificultades intrínsecas dos xéneros e a cuestión da carencia de tempo. Sen embargo, como xa apuntamos, o caso galego é totalmente oposto, feito que non pasa desapercibido para as nosas autoras. Camiño Noia adopta os argumentos da escritora inglesa á inversa: se para a de Bloomsbury a narrativa permite interrupcións e menos concentración, para a galega esas son características que definen á poesía. Outra perspectiva, máis interesante polos seus postulados e pola argumentación, é a de H. González, quen asevera a elección da poesía debido a motivos sociolingüísticos –a narrativa testemuñal estaba escrita en español porque esta era a lingua do ámbito privado en Galicia– e outro relativo ós modelos literarios (Rosalia).

Se para Virginia Woolf a máxima teima ó respecto era cubrir eses ocos baleiros, o novo milenio plantéanos novos retos. Trátase certamente de cubrir esas vacantes pero dende a vangarda, como di Helena González, “o reto principal non está só en cubrir os ocos dos xéneros literarios, senón na necesidade de estratexias ficcionais que reviren o repertorio e abraien da mesma maneira que o fixeron as poetas e, daquela, acadar a visibilidade”. (p. 58) Trátase dunha escrita que racha co convencional, co normativo, co canónico, que enlaza perfectamente coa postura disidente do artigo de M<sup>a</sup> do Cebreiro, “A escrita das tateas: teoría e práctica do discurso interrompido (Unha lectura do pensamento literario de Virginia Woolf)”.

E xa para rematar, engadir que o aporte crítico deste libro é absolutamente motor para os estudos de literatura de mulleres, sobretudo se temos en conta a escaseza de estudos desta índole aínda a día de hoxe. Moitas son as cousas polas que aínda hai que loitar, como di Inma López Silva cando retoma a frase de Xulio César “mentres me quede algo por facer, non terei feito nada” e moitas as cuestións sobre as que reflexionar, entre elas as que plantea Ana Romaní en “As papoulas, o xardín e outros rubores ou sobre o anxo da casa e as literaturas. Apuntamentos e outras retóricas sobre as mulleres e as literaturas”, ante as que non podemos acougar.

MÓNICA FOLGUEIRAS LÓPEZ